



Expediente nº: CIPX/2018/1

Asunto: COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL 1/2018

Día e Hora da Reunión: 29 de xaneiro de 2018, 17:00 horas

Lugar de Celebración: Multiusos da Xunqueira

Asistentes: M^a Carmen Amoedo Dasilva (presidenta), Arturo González Barbeiro, Ana Isabel Rey Gómez (en substitución do concelleiro Leonardo Cabaleiro Couñago), Juan Roberto Darriba Ferradás (en substitución do concelleiro Noé Cano Correa), equipo redactor: Sebastia Jorner i Forner, María Ríos Carballeira, Gabriel Jubete Andreu e Ignasi Grau Roca. José Romero-Amich Nieto (arquitecto municipal).

Asiste o concelleiro Xosé Covelo Míguez (con voz pero sen voto artigo 49 do ROC).

Ausentes: Enrique Fojo Durán, Noé Cano Correa, Xoán Carlos González Campo, Leonardo Cabaleiro Couñago.

Orde do Día: 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.
2.- INFORMACIÓN TRABALLOS REALIZADOS EQUIPO REDACTOR DO PXOM QUE AFECTAN A CESANTES E RESTO DE PARROQUIAS. SOLO DE NÚCLEO RURAL, CRITERIOS. SOLO RÚSTICO, LIÑAS XERAIS.

ACTA DA XUNTANZA CELEBRADA POLA COMISIÓN INFORMATIVA DO PLAN XERAL

No edificio do Multiusos da Xunqueira, previa convocatoria, reuníronse, os/as devanditos/as concelleiros/as baixo a presidencia de M^a Carmen Amoedo Dasilva, asistidos de min, a Secretaria da comisión, coa finalidade de celebrar a xuntanza convocada para o día de hoxe.

Pola presidencia declarouse aberta a xuntanza sendo as 17:14 horas, pasándose a tratar o seguinte punto da orde do día:

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.

Dase conta do borrador da acta da sesión número 3/2017 do 19/12/2017.

O concelleiro Darriba Ferradás indica que na súa intervención cando se recolle na acta respecto a estudar outras alternativas para desconxestionar o tráfico de Redondela: *O concelleiro Darriba Ferradás di que é unha opción, tamén propoñe outra, que é estudar a que vai pola beira da ría para desconxestionar o tráfico de Redondela.* Manifesta que se refire a unha alternativa que afectaría a Cesantes, non se estaba refirindo á parroquia de Redondela.

Sometido a votación o mencionado borrador, apróbase nos seus propios termos de acordo coa porcentaxe de participación correspondente no voto ponderado, por maioría dos membros presentes, 3 votos a favor (2 do PP e 1 de AER) e 1 abstención do PSdeG-PSOE.



2.- INFORMACIÓN TRABALLOS REALIZADOS EQUIPO REDACTOR DO PXOM QUE AFECTAN A CESANTES E RESTO DE PARROQUIAS. SOLO DE NÚCLEO RURAL, CRITERIOS. SOLO RÚSTICO, LIÑAS XERAIS.

A presidenta da paso ao equipo redactor para a exposición dos traballos.

Jornet i Forner saúda aos presentes e deseguido comeza a exposición dos asuntos, di que van tratar as parroquias que corresponden segundo o cronograma proposto, apoiándose dun proxector onde se amosa a cartografía e vista aérea. En canto aos equipamentos en Cesantes, entenden que non hai necesidade de implementar novos equipamentos significativos. Respecto ás zonas verdes, atópanse nunha situación singular, do que só se contempla unha na normativa vixente. Amosa as distintas clasificacións urbanísticas segundo as Normas Subsidiarias (NNSS). Di que hai unha singularidade destes territorios marítimos rurais. Volvendo ás zonas verdes, hai unha pequena peza de reserva de zona verde prevista. Di que hai un corredor verde protexido, di que a zona verde non é o problema de Cesantes, a súa idea é situar zonas verdes que permitan o uso do verde público colectivo. En canto ao sistema viario, seguen a liña: estrutura-conexión-accesos. Morfoloxicamente é diferente do resto das parroquias, é alargada. Estrúcturase a través de dous grandes eixos; un dende o norte e outro ata o sur. Teñen rúas estreitas. Traballan coa idea de supercuarteiróns, con viais importantes e no interior uns viarios que funcionarían de capilares. Amosa as rúas que deberían abrir. Na zona da punta da praia, pon un exemplo, cunha zona de fondo de saco, plantexan camiños para dar saída, sempre co menor dano posible. O sistema edificatorio depende de dúas rúas moi estreitas, están pensando facelas dun único sentido, completando con rúas que pensan abrir. Logo fala doutro nivel, o de interconexión de camiños, das sendas peatonais e circuitos de bicicletas, por unha banda a senda costeira e logo a rede de camiños para que teñan continuidade. A membra do equipo redactor Ríos Carballeira, apunta que son zonas con pequenas actuacións de camiños existentes.

O concelleiro Covelo Míguez pregunta qué implica esa protección ás vivendas da zona costeira.

Jornet i Forner resposta que é a lexislación de costas a que é a competente, non tendo o Concello competencia. Di que esas zonas costeiras, non poden tocalas. Di que hai unha solicitude de redución da liña tramitada polo concello de acordo coa Lei de costas, por se se consideran zonas como núcleo rural. Se se recoñece como núcleo rural, o documento do plan poderá afinar os usos. En calquera caso, cando se envíe o documento do plan para o informe de costas, terá que pronunciarse ao respecto.

Logo pasa a expoñer respecto ao tratamento dos núcleos rurais das parroquias, fala de tres criterios: un primeiro de recoñecemento de olvidos das NNSS, de núcleos que xa existían pero as NNSS non os recoñeceu, non sabe se por erro. Amosan distintos exemplos comparativos na ortofoto do voo americano do 1956 e na ortofoto actual, recoñecemento de núcleo tradicional máis o seu crecemento nestes últimos anos.

O concelleiro Covelo Míguez pregunta cal é o criterio para estender eses núcleos.

Jornet i Forner resposta que aplican o criterio de continuidade e mancha de aceite, lembrando que agora estase na fase do borardor.



Logo fala do segundo criterio de definición dos núcleos rurais, que son os solos rurais que co tempo pasaron a ter a condición de máis urbanos que rurais; e o terceiro criterio, aqueles que xa se recoñecen nas NNSS e que o que agoran fan é axustalos un pouco. Di que nos supostos do primeiro e terceiro criterio, para definir as zonas dos núcleos rurais, teñen que aplicar a lexislación, ter en conta o grado de consolidación, uns porcentaxes mínimos, que son do 50% para o núcleo histórico-tradicional e o 33% para o núcleo común, referíndose aos que existen e os que se poden estender.

A concelleira Amoedo Dasilva interveñe dicindo que o que se busca é aplicar criterios obxectivos e que se poidan defender.

O concelleiro Darriba Ferradás resposta se podería o equipo redactor facilitarlles os criterios dos que se serven para poder ter máis información, e se se podería amosar ao público os criterios nos que se amparan.

Jornet i Forner indica que hai criterios discrecionais do equipo redactor e outros regrados, como é o de grado de consolidación para considerar como núcleo rural. Logo amosa no plano as parcelas que poden ser consideradas como urbanas, que pasaría de núcleo rural a urbanas, entraría no núcleo rural ou urbano todo o quen ten solución de continuidade e que dan a vía pública. Teñen unha limitación do Regulamento da Lei do Solo, que só se pode xustificar un determinado crecemento. Lembra que como se está na fase do borrador, aínda non teñen todos os números, pero baraxan unha oferta xenerosa de solos.

Deseguido da paso ao membro do equipo redactor, Ignasi Grau Roca, para pasar ao tratamento dos solos rústicos.

O membro do equipo redactor Grau Roca, di que o que se pretende é unificar criterios tendo en conta a aplicación da normativa galega. Hai dos tipos de solo rústico: de especial protección e ordinario. O de especial protección componse das proteccións de acordo coas distintas normativas sectoriais, puidendo ter a posibilidade os municipios de especializar certas zonas, facendo propostas. Di que esta metodoloxía é complexa, traballan con planos a escala 1:5000. Amosan as distintas zonas de protección de acordo coa normativa sectorial: Montes, Augas (dominio público hidráulico que é o cauce, zona de servidume de 5 metros, zona de policía de 100 metros, na que non se poden facer intervencións que afecten ao cauce e, o de fluxo preferente que é un concepto de risco, limítase a risco para persoas e bens e outra de limitación de cauce), Costas (Dominio público marítimo-terrestre e protección de costas), Infraestruturas e Servizos Técnicos, Espazos Naturais que deben ter en conta os definidos polo POL, Paisaxística que tamén deben ter en conta os definidos polo POL e de Protección Patrimonial.

Jornet i Forner, engade que de solo de protección ordinaria casi non queda se se superpoñen todas as capas de protección e distintas clasificacións de solo.

A concelleira Amoedo Dasilva, di que unha vez que entreguen o documento do borrador do plan enviarase á Xunta, e se está completo publicaran na web o que fará tamén o concello para dar información. Di que se lles comunicará cando presenten o documento, xa que non é necesario que vaia ao pleno. Toda a información a teñen no despacho do arquitecto para poder vela. Explicaranlle á cidadanía unha vez que entreguen o documento, cando teñan claro que non lles falta ningún documento e



explicarán tamén como foi o desenvolvemento do documento. Remata dicindo que se ven necesario ter máis información, que poden solicitala sen problema.

O concelleiro Darriba Ferradás pregunta se os criterios xerais que estiveron expoñendo logo os plasmarán nun documento, pregunta se non se fará previa reunión antes de enviar á Xunta o borrador.

Jornet i Forner resposta que o documento do borrador ten dúas partes: unha ambiental e outra de urbanismo. Di que a normativa indica que o documento trasladaranse ao órgano ambiental, sen necesidade de aprobación previa. Que a Xunta ten un mes para examinalo e requirir documentación para subsanar e cando o documento está completo é cando se publica na Xunta para sometelo a consultas. Respecto ao documento dos criterios que solicita o concelleiro de AER, resposta que non teñen problema en facilitar un documento cos criterios obxectivos cos que traballan.

E non tendo máis asuntos que tratar, pola presidencia levantouse a xuntanza, sendo as dezanove horas e dez minutos da data indicada no encabezamento, de todo o que se estende a presente acta, do que, como Secretaria, dou fé.

Documento asinado electronicamente á marxe.